

Resolución Vacacións con Traballo 2013:

A Comisión Executiva reunida o 4 de xullo de 2013 na EGAP de Santiago de Compostela resolove:

1. Cómpre lembrar que Vacacións con Traballo é un programa de sensibilización que permite o intercambio de coñecementos entre profesionais de Galicia e os parceiros do Fondo Galego nos países empobrecidos. Ao tempo que se toma conciencia desoutras realidades, ofrécese un apoio técnico e refórzanse os proxectos cofinanciados. As e os participantes implícanse nunha experiencia solidaria na que xa se mergullaron vinte persoas, catro homes e dezaseis mulleres. As reflexións da maioría delas e deles fican recollidas na canle do Fondo Galego en Youtube.
2. En base aos obxectivos do programa as persoas seleccionadas teñen a responsabilidade e obriga de estar dispoñibles para a difusión da súa participación en Vacacións con Traballo, tanto antes, como durante a estancia en terreo, como a súa volta a Galicia. Ademais de dispoñibilizarse para entrevistas e outras actividades de divulgación sobre Vacacións con Traballo, a participación no programa implica a elaboración dun blog sobre a experiencia e a realización dunha Memoria durante o mes posterior á volta da estancia en terreo.
3. Finalmente, e en base aos perfís requeridos polos nosos socios no SUR, as persoas seleccionadas titulares e suplentes son:

Praza Nicaragua/Inprhu-Somoto:

Titular: Emilio Cuiñas Otero (Concello de Ourense)

Suplente: Carmen Nieto Pose (Concello de Cambre)

Praza Cabo Verde/Cámara municipal de Porto Novo:

Titular: María Jesús Olivares Rodríguez (Concello de Ferrol)

Suplente: Serezábel Rodríguez Rico (Concello de Bergondo)

Convocatoria VcT 2013:

<http://www.fondogalego.org/web/sites/default/files/files/compartir/VcTconvocatoria2013.pdf>

Caderno de experiencias VcT 2012:

<http://www.fondogalego.org/web/sites/default/files/files/compartir/VCT2012.pdf>

Vídeos VcT: <http://www.youtube.com/user/fondogalego>